CONGRESO DE LOS DIPUTADOS

A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo dispuesto en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito en relación con los requisitos para acceder con bicicletas a los trenes de media distancia en Galicia.**

Renfe exhibe una campaña publicitaria que anima a viajar en tren con bicicleta como parte de una doble apuesta por la movilidad sostenible a través de la alianza tren-bicicleta. De hecho, su publicidad indica que «Si se combina el tren, como medio de transporte colectivo más sostenible, con la bicicleta, las ventajas para el medioambiente se multiplican, por eso en Renfe llevamos años trabajando para que esta relación perfecta funcione». Efectivamente, se trata de una medida positiva para lograr una mejor movilidad sostenible.

Sin embargo, los usuarios de las líneas de media distancia no se ven muy favorecidos a la hora de utilizar también la bicicleta y llevarla en el tren. La normativa de Renfe es flexible para viajar gratis con bicicleta en los trenes considerados de cercanías o trenes Feve, pero establece una serie de requisitos cuando se trata de trenes de media distancia, donde se podrá viajar «como equipaje de mano o equipaje especial» en función de las medidas. Obliga a embalar las bicicletas y de lo contrario se considerará un «extra» que en rutas de más de 100 kilómetros tiene un coste de 3 euros.

Como sabe el Ministerio, Galicia no dispone de servicios ferroviarios de proximidad o de cercanías, pero, en muchos casos, los trenes de media distancia del Eixo Atlántico y Avant cumplen esa función de servicio local para el tránsito diario. Se utilizan a diario por muchas personas que se desplazan al trabajo o a estudiar y, en este caso, el uso de la bicicleta en el lugar de destino es una alternativa sostenible. Muchos de estos usuarios y usuarias llevarían consigo su bicicleta en estos trayectos si no les pusieran trabas para ello.

Se han dado casos de personas usuarias a quienes se ha impedido acceder a los trenes con bicicletas en el trayecto Santiago-Ourense en la estación de Compostela. De hecho, la denuncia de un profesor de la Universidad de Vigo en el campus de Ourense en septiembre de 2023 por la prohibición por parte de Renfe de subir su bicicleta al tren fue causa de una sanción a Renfe por parte del Instituto Gallego de Consumo.

Así pues, es necesario modificar la norma para que la compañía ferroviaria establezca en Galicia unos criterios semejantes a los fijados para los trenes de cercanías con el fin de facilitar y simplificar el acceso a los vagones con bicicletas en media distancia. Si los trenes cumplen en Galicia una función de transporte de proximidad para la movilidad diaria, debe aplicarse también en el caso del transporte de bicicletas una normativa como la que regula en los trenes de cercanías. Este cambio de normativa estaría perfectamente en línea con la política de Renfe, que considera que la combinación de tren y bicicleta ayuda a una movilidad urbana fluida y limpia.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

1. ¿Modificará Renfe la actual normativa y flexibilizará los requisitos para viajar con bicicletas en los trenes de media distancia en Galicia, equiparándolos a los de cercanías, dado que cumplen también la función de proximidad?
2. ¿Es posible que Renfe establezca las mismas condiciones en el territorio gallego para acceder con la bicicleta a los trenes empleados para la movilidad diaria que las contempladas para los trenes de cercanías o Feve?
3. ¿No cree que es una forma de fomentar un doble uso de los medios de transporte sostenibles en línea con la política de promocionar y favorecer una movilidad sostenible hecha pública por Renfe?
4. ¿Comparte el Ministerio de Transportes que se debería facilitar el acceso gratuito con bicicletas a los trenes de media distancia, al igual que en los trenes de proximidad?

Madrid, a 21 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
21 ABR. 2025 19:15:38
Entrada 65714

Sobre a necesidade de favorecer o acceso con bicicletas aos trens de media distancia na Galiza

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado

C.DIP 65717 22/04/2025 10:01

Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),** Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de flexibilizar os requisitos para acceder con bicicletas aos trens de media distancia na Galiza**.

Renfe exhibe unha campaña de publicidade que anima a viaxar no tren coas bicicletas como parte dunha aposta dobre pola mobilidade sustentábel mediante unha alianza tren+bicicleta. De feito, a súa publicidade indica que "Se o tren, como medio de transporte colectivo máis sustentábel, se alía coa bicicleta, as avantaxes para o ambiente multiplícanse, así que en Renfe levamos anos traballando para que esta relación perfecta funcione". Efectivamente, trátase dunha medida positiva para lograr unha mellor mobilidade sustentábel.

Porén, as persoas usuarias nas liñas de media distancia non se ben favorecidas para utilizar tamén as súas bicicletas e levalas no tren. As normativas de Renfe son flexíbeis para viaxar gratis coa bicicleta nos trens considerados de cercanías ou os de Feve, mais estabelece unha serie de requisitos cando se trata de trens de media distancia, onde se pode viaxar "como equipaxe de man ou equipaxe especial" en función das medidas. Obriga a embalar as bicicletas, caso contrario será considerado un "extra" que nas rutas de máis de 100 quilómetros ten un custo de 3 euros.

Como sabe o Ministerio, a Galiza non conta con servizos ferroviarios de proximidade ou de cercanías, mais, en moitos casos, os trens de media distancia do Eixo Atlántico e Avant cumpren esa función de servizo de proximidade para o tránsito diario. Son utilizados a diario por moitas persoas que se desprazan

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL
21 ABR. 2025 19:15:38
Entrada 65714

para ir a traballar ou estudar e, nese caso, o uso da bicicleta no lugar de destino é unha alternativa sustentábel. Moitas desas usuarias e usuarios levarían consigo a bicicleta neses traxectos se non se lle puxeran trabas para iso.

Téñense dado casos de persoas usuarias aos que se lles impediu o acceso aos trens con bicicletas no traxecto Santiago-Ourense na estación de Compostela. De feito, a denuncia dun profesor da Universidade de Vigo no campus de Ourense en setembro de 2023 pola prohibición por parte de Renfe de subir coa súa bicicleta ao tren, foi a causa dunha sanción a Renfe por parte do Instituto Galego de Consumo.

Así pois, é preciso modificar a norma para que a compañía ferroviaria estabeleza na Galiza uns criterios semellantes aos fixados para os trens de cercanías a fin de facilitar e simplificar o acceso aos vagóns con bicicletas na medida distancia. Se os trens cumpren na Galiza unha función de transporte de proximidade para a mobilidade diaria, deben aplicarse tamén no caso do transporte de bicicletas unha normativa como a que rexe nas cercanías. Este cambio na normativa sería perfectamente acorde coa política de Renfe, que considera que a combinación de tren e bicicleta axuda a unha mobilidade urbana fluída e limpa.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Modificará Renfe a actual normativa e flexibilizará os requisitos para viaxar con bicicletas nos trens de media distancia na Galiza, equiparándoos aos trens de cercanías, dado que cumpren tamén a función de trens de proximidade?

2. É posíbel que Renfe estabeleza as mesmas condicións no territorio galego para acceder coa bicicleta nos trens empregados para a mobilidade diaria que as contempladas para os trens de cercanías ou Feve?

3. Non cre que é unha forma de impulsar un dobre uso de medios de transportes sustentábeis en liña coa política de promocionar e favorecer unha mobilidade sustentábel feita pública por Renfe?

C.DIP 65717 22/04/2025 10:01

4. Comparte o Ministerio de Transportes que se debería facilitar o acceso con bicicletas aos trens de media distancia de forma gratuíta ao igual que nos trens de proximidade?

Madrid, a 21 de abril de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso

21 ABR. 2025 19:15:38 Entrada: 65714